

**Proposta de cambios a introducir no
Manual do Sistema Marco de Garantía da Calidade na Docencia**

(Aprobado pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 3 de outubro de 2014)

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
a) SUPRESIÓN DE INDICADORES SUBSTITUÍDOS POR INFORMES:.....	3
b) CREACIÓN DE NOVOS INDICADORES	3
c) NOVOS INFORMES QUE COMPLEMENTAN A INFORMACIÓN DALGÚNS INDICADORES:	4
d) INDICADORES BEN DEFINIDOS PERO CON NECESIDADE DE DIFERENCIACIÓN POR ORIGEN DE DATOS OU XÉNERO (PODE IMPLICAR UNA VARIACIÓN DA DENOMINACIÓN).....	5
e) INDICADORES QUE NECESITAN UNHA REDEFINICIÓN NO CÁLCULO OU NAS FONTES DE DATOS E/OU O SEU DESDOBRAMENTO OU SUPRESIÓN.....	6
f) INDICADORES QUE NON NECESITAN VARIACIÓN (SALVO CAMBIOS DE DENOMINACIÓN NALGÚN CASO).....	7
g) INFORMES.....	9

INTRODUCIÓN

En outubro de 2013 empregouse por primeira vez a Aplicación de Axuda aos Sistemas de Calidade nos centros da USC, coa finalidade de apoiar o proceso de seguimiento dos sistemas. Tras esa primeira experiencia, cómpte realizar cambios no panel de indicadores establecido, co propósito de depurar e racionalizar a información que se proporciona de forma centralizada para o seguimento dos SGIC.

Na procura da mellora continua, realiza unha proposta con diferentes tipos de cambios nos indicadores existentes:

- En primeiro lugar, redúcese o número total de indicadores de 54 a 50, simplificando a información existente, suprimindo indicadores e creando outros novos.
- En segundo lugar, amplíase o número de informes que complementan aos indicadores, pasando de 15 a 17.
- En terceiro lugar, existían indicadores que, estando ben definidos, precisaban unha diferenciación por orixe de datos (nivel de curso, tipo de docencia, etc) ou xénero.
- En cuarto lugar, había indicadores que precisaban unha redefinición no cálculo ou nas fontes de datos e/ou o seu desdobramento ou supresión.
- Por último, había unha serie de indicadores ben definidos que non precisaban cambios, agás algúns axustes na denominación.

Ademais, inclúense 15 informes que complementan aos indicadores, así como dous informes referidos ás materias en cada plan de estudos.

A continuación explícase o detalle dos cambios sinalados:

a) SUPRESIÓN DE INDICADORES SUBSTITUÍDOS POR INFORMES:

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN32-PS-02	Ordenadores conectados á rede “para docencia”	CENTRO
IN33-PS-02	Ordenadores conectados á rede “para docencia” por estudiante equivalente a TC	CENTRO
IN34-PS-02	Ordenadores conectados á rede “non para docencia”	CENTRO
IN35-PS-02	Ordenadores conectados á rede “non para docencia” por estudiante equivalente a TC	CENTRO

Proposta de modificación: Suprímense os catro indicadores xa que non é posible dar información consistente para poder presentalo aos títulos para a súa análise. Substitúese polo informe INF.01 sobre recursos informáticos para o desenvolvimento da docencia.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN38-PS-02	Dispoñibilidade de bibliografía e fontes de información	TITULO

Proposta de modificación: Suprímese o indicador e substitúese polo informe INF. 02 sobre recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria.

b) CREACIÓN DE NOVOS INDICADORES

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN16-PC-08	Satisfacción dos estudiantes entrantes cos programas de mobilidade	CENTRO

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL

IN04-PC-05	Matrícula de inicio de estudios	TÍTULO
-------------------	--	---------------

Neste indicador só se inclúe o alumnado que comeza os seus estudos no título sen utilizar procesos de adaptación doutros estudos. Tamén se incorpora a diferenciación por sexo.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN05-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudios	TÍTULO

Este indicador, que antes se calculaba sobre a matrícula de novo ingreso, pasaría a calcularse sobre o dato de inicio de estudios, co que a súa denominación debería ser “Variación da matrícula de inicio de estudios”.

c) NOVOS INFORMES QUE COMPLEMENTAN A INFORMACIÓN DALGÚNS INDICADORES:

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN15-PC-08	Satisfacción dos estudiantes cos programas de mobilidade	TÍTULO

Proposta de modificación: O indicador desdóbrase, cambiando a denominación deste indicador por “Satisfacción dos estudiantes saíntes cos programas de mobilidade” e creando un novo para a mobilidade entrante. Ademais incorpóranse dous informes coa media ponderada de todas as respostas do alumnado para cada pregunta do cuestionario. (INF. 04 e INF. 05).

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN18-PC-09	Satisfacción dos/as estudiantes cos programas de prácticas externas	TITULO
IN19-PC-09	Satisfacción dos/as tutores/as externos/as cos programas de prácticas externas	TITULO
IN20-PC-09	Satisfacción dos/as tutores/as académicos/as cos programas de prácticas externas	TITULO

Proposta de mellora: Incorpóranse os informes INF.06, INF. 07 e INF. 08 coas medias ponderadas para cada pregunta do cuestionario e/ou bloques do mesmo.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN28-PS-01	Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas	USC
IN29-PS-01	Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas	USC

Proposta de mellora: Incorpóranse os informes INF. 10 e INF. 11 sobre as enquisas correspondentes a estes indicadores, que inclúen as medias ponderadas para cada pregunta do cuestionario.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN22-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	CENTRO-USC
IN39-PS-03	Satisfacción dos egresados cos servizos	CENTRO-USC
IN48-S01-PM-01	Resultados do informe ou enquisa sobre a adquisición de competencias e cumprimento de obxectivos do plan	TÍTULO

Proposta de modificación: En relación cos indicadores **IN22** e **IN39**, incorpóranse a nivel de **TÍTULO**, e compleméntanse cos informes por cada pregunta do cuestionario.

En canto ao indicador IN48, estes datos saen da explotación da enquisa de egresados. Substitúese por un informe (INF. 09) cos resultados da enquisa por item, onde está a avaliación sobre a adquisición de competencias.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN50-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	TITULO

Proposta de modificación: Incorpórase como informe de provedores (INF.13) o resultado das preguntas do cuestionario por título.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
		TÍTULO
IN51-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	

Proposta de modificación: Incorpórase como informe de provedores (INF.14) o resultado das preguntas do cuestionario por título.

d) INDICADORES BEN DEFINIDOS PERO CON NECESIDADE DE DIFERENCIACIÓN POR ORIXE DE DATOS OU XÉNERO (PODE IMPLICAR UNA VARIACIÓN DA DENOMINACIÓN).

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
		TÍTULO
IN02-PC-05	Matrícula	

Proposta de modificación: incorporar a segregación da información por xénero dos matriculados.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
		TÍTULO
IN08-PC-05	Porcentaxe de estudiantes estranxeiros/as sobre matriculados/as	

Proposta de modificación: incorporar a segregación da información por xénero dos matriculados. A información do indicador complétase cun informe que detalla a procedencia dos alumnos (INF. 03)

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
		TÍTULO
IN09-PC-05	Porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados/as	

Proposta de modificación: incorporar a segregación da información por xénero dos matriculados. A información do indicador complétase cun informe que detalla a procedencia do alumnado (INF. 16)

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
		TÍTULO
IN13-PC-05	Porcentaxe de matriculados/as que son egresados/as da USC (Máster)	

Proposta de modificación: incorporar a segregación da información por xénero dos matriculados.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
		TÍTULO
IN31-PS-01	Media de alumnos/as por grupo de práctica	

Proposta de mellora: Neste indicador deben diferenciarse tres orixes de datos:

- Grupos de seminario
- Grupos de laboratorio
- Grupos clínicos.

Revísase a súa denominación que quedaría da seguinte forma: "Media de alumnado por grupo de docencia interactiva".

e) INDICADORES QUE NECESITAN UNHA REDEFINICIÓN NO CÁLCULO OU NAS FONTES DE DATOS E/OU O SEU DESDOBRAMENTO OU SUPRESIÓN

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN03-PC-05	Matrícula de novo ingreso	TÍTULO
IN04-PC-05	Variación da matrícula de novo ingreso	TÍTULO

Propostas de modificación: Diferénciase, a través da creación doutro indicador, o concepto de **novo ingreso** do de **inicio de estudos**, e relaciónase con este último indicador o de **variación de matrícula**. Isto achega información sobre o alumnado que accede por primeira vez á universidade. No caso da matrícula de novo ingreso, identifícase na orixe de datos a canle de acceso (adaptacións, inicio de estudos ...).

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN06-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	TÍTULO
IN05-PC-05	Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación menor a seis	TÍTULO
IN07-PC-05	Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	TÍTULO

Propostas de modificación: Os indicadores IN05 e IN07 proporcionaban unha información redundante polo que se suprime o IN05 e reutilízase a súa numeración. O indicador IN06 non é aplicable a másteres con acceso directo.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN12-PC-05	Porcentaxe de matriculados/as de novo ingreso sobre prazas ofertadas	TÍTULO

Proposta de modificación: En coherencia co relativo á matrícula de novo ingreso, este indicador debe pasar a ser IN12 Porcentaxe de matriculados/as de **inicio de estudos** sobre prazas ofertadas. Ademais recolle diferenciación por xénero.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN16-PC-08	Alumnos/as enviados/as desde a USC a outras universidades dentro dos programas Sócrates - Erasmus, Séneca e SICUE e outros convenios	TÍTULO
IN17-PC-08	Alumnos/as recibidos/as na USC procedentes de outras universidades dentro dos programas Sócrates - Erasmus, Séneca e SICUE e outros convenios	TÍTULO

Proposta de modificación: Modificase a súa denominación que pasa a ser “Porcentaxe de alumnos/as ...”. Incorpórase un informe de provedores (INF. 03) onde se detalla procedencia/destino do alumnado participante en programas de mobilidade e tamén a forma de cálculo que pasa de ser un valor absoluto a unha porcentaxe.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN21-PC-09	Estudiantes egresados/as do título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións, sobre o total de estudiantes egresados/as dese título no mesmo curso académico.	TÍTULO-CENTRO

Proposta de modificación: Cámbiase a denominación por “Porcentaxe de alumnado egresado nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións”. Incorpórase a segregación da información por xénero dos matriculados e modificase a forma de cálculo que pasa de ser un valor absoluto a unha porcentaxe.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN23-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI con quinquenios	TÍTULO

Proposta de modificación: Simplifícase o indicador para que achegue a información realmente valiosa (que é a capacitación investigadora do profesorado) eliminando a distorsión que supón referila a un dato como o de PDI con quinquenios. Así, o indicador pasa a ser Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN46-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso	TÍTULO
TÍTULO		

Proposta de modificación: limitase este indicador para as titulacións de Grao. No caso dos másteres (a maior parte dun só ano de duración) o indicador solápase coa taxa de abandono.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN49-S01-PM-01	Inserción laboral (indicador externo proporcionado por ACSUG)	TÍTULO
TÍTULO		

Proposta de mellora: A denominación do indicador axústase á información proporcionada pola ACSUG no seu estudo de inserción laboral: “Tempo medio na procura do 1º emprego”. Ese dato non é suficientemente revelador do que se pretende medir, polo que se propón incorporar, ademais, outros dous indicadores, todos eles dispoñibles no citado informe da ACSUG.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN43-S01-PM-01	Porcentaxe de egresados/as que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando	TÍTULO
TÍTULO		
IN44-S01-PM-01	Porcentaxe dos egresados que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando en algo relacionado cos seus estudos	TÍTULO
TÍTULO		

Estes indicadores complementáense cun informe (INF. 12) de inserción laboral dos titulados (proporcionado pola ACSUG).

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN52-PM-02	Taxa de resposta nas medicións realizadas (egresados/as, alumnado coa docencia recibida, profesorado coa docencia impartida, prácticas externas, mobilidade,...)	TÍTULO-CENTRO-USC
TÍTULO-CENTRO-USC		

Proposta de modificación: O indicador debe concentrarse na enquisa de más relevancia, a de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida. O resto das informacíons sobre participación, remítense nos respectivos informes de cada enquisa. Polo tanto, cambia a denominación do indicador.

f) INDICADORES QUE NON NECESITAN VARIACIÓN (SALVO CAMBIOS DE DENOMINACIÓN NALGÚN CASO)

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN01-PC-05	Prazas ofertadas	TÍTULO
TÍTULO		

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN10-PC-05	Relación de estudiantes preinscritos/as sobre as prazas ofertadas (Grao)	TÍTULO
TÍTULO		

Proposta de modificación: Cámbiase a denominación por “Relación de estudiantes preinscritos/as en 1ª opción matriculados/as sobre as prazas ofertadas” que é más fiel á súa definición. Ademais nas consideracíons tamén se cambia “matriculados” por “matriculados por primeira vez” ou tamén denominados “de novo ingreso” no título.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN11-PC-05	Relación de estudiantes solicitantes sobre as prazas ofertadas (Máster)	TÍTULO
TÍTULO		

Este indicador non é aplicable a másteres de matrícula directa.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN24-PS-01	Número de PDI doutor/ra sobre o número total de PDI	TÍTULO
TÍTULO		

Proposta de modificación: Cámbiase a denominación por Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN25-PS-01	Relación porcentual entre o número total de PDI funcionario sobre o total de PDI	TITULO

Proposta de modificación: Simplifícase a denominación cambiánodoa pola de “Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total” xa este indicador realmente é unha porcentaxe.

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN26-PS-01	Porcentaxe de PDI avaliado con resultado satisfactorio (DOCENTIA)	TITULO

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN30-PS-01	Media de alumnos/as por grupo de teoría	TITULO

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN29-PS-01	Estudiantes por profesor/ra	TÍTULO

Proposta de modificación: Cámbiase a denominación por “Ratio de estudiantes por profesor a tempo completo”

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN40-S01-PM-01	Taxa de rendemento	TITULO-NIVEL
IN41-S01-PM-01	Taxa de éxito	TITULO-NIVEL
IN42-S01-PM-01	Taxa de avaliação	TITULO-NIVEL

Proposta de modificación: Facilitáse a información por nivel de curso, como orixe de datos, para os graos (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º).

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN43-S01-PM-01	Taxa de graduación	TITULO

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN44-S01-PM-01	Duración media dos estudos	TITULO

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN45-S01-PM-01	Eficiencia dos/as titulados/as	TITULO

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
IN47-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	TITULO

h) INFORMES

Ademais dos informes comentados en relación cos indicadores, engádense ao sistema dous informes máis:

CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
INF.15	Informe de cualificacións das materias do plan de estudos	TÍTULO
INF. 17	Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos	TÍTULO